



Itinerarios lectores: unha proposta

MONTSE PENA PRESAS


MONTSERRAT.PENA@USC.ES

Que imos ver nesta sesión?

- Reflexións sobre se estamos mediando axeitadamente a lectura
- A posible ou posibles definicións de itinerarios lectores
- A relación que garda o concepto de itinerario lector co de canon literario
- O sentido dun canon formativo
- O sentido dos itinerarios no marco do PLEA
- Que debe saber un mestre/a para facer un bo itinerario
- A reflexión sobre en que materias temos que ler
- A posible necesidade dun itinerario lector en EI
- A necesidade dun itinerario lector en EP
- Propostas de mellora ou elaboración de itinerarios lectores

Estamos mediando axeitadamente a lectura nas aulas?

- En EI detéctanse moitas **actividades de aproximación á linguaxe escrita**, pero poucas, pautadas, de educación literaria. Trabállase, maioritariamente, o xénero narrativo.
- En EP adoita prevalecer a **literatura infantil**. Trabállase a educación literaria dunha maneira máis pautada que na etapa anterior. "Los criterios de selección del corpus tienen más que ver con la facilidad de conseguir los títulos que ofrecen las grandes editoriales que con otros específicos que contemplan la calidad literaria" (Núñez e Santamarina, 2022).
- En ES hai unha crecente confusión entre a **lectura de clásicos pouco acompañada** e a presenza esporádica de títulos de literatura infantoxuvenil.
- Pouca expansión dos itinerarios lectores entre niveis.



Como imos formar lectoras de poesía?

Como imos formentar as linguas minorizadas?

Como imos formar lectoras de literatura dramática e de ensaio?

Como podemos definir "itinerario lector"?

Definicións complementarias para un concepto en auxe


"...los itinerarios de la lectura son una **herramienta pedagógica** que lleva años usándose, trazando una **ruta sucesiva y secuenciada** de lecturas en torno a un elemento común (una temática, un género, un autor...)" (Martos García, 2025: p.171)

-**Ruta interior de achegamento textual**:
"permite a los nuevos lectores andar caminos que los lectores (y las lectoras) expertos ya han trazado" (Martos Núñez, 2013).
-**Ruta física**, en canto roteiro literario

Cada vez máis habituais:
itinerarios en torno aos
ODS, ao xénero, á
compoñente ecolóxica, etc.

... es obligado establecer **vínculos, conexiones, rutas a veces insospechadas** apriorísticamente entre áreas de conocimiento porque se ajustan a lo que demanda el alumnado, a sus necesidades específicas. (Sánchez y Aparicio, 2025: p. 55).

Relación dos itinerarios lectores co concepto de canon



0 sentido dun posible canon formativo

0 canon debese estar conformado por obras que **"contribuirán a la formación de la competencia literaria del alumno**, al tiempo que le pondrán en contacto con estilos, autores y momentos representativos de nuestra historia de la literatura" (Cerrillo, 2013, p. 26)

0 canon non
é nin
perfecto, nin
está libre de
negos

El canon literario ha sido establecido en función de unos parámetros a veces tan subjetivos como la opinión sobre la calidad estética o la originalidad. 0 ciertos inconfesables elitismos de clase que han situado fuera determinadas manifestaciones paraliterarias que, a menudo, utilizan unos valores no asumidos o no legitimados por las pautas clásicas de prestigio (Sánchez e Aparicio, 2025).

...que se podería establecer a partir dos itinerarios lectores.

Cal é o sentido dos itinerarios lectores no marco do PLEA?

As diferentes investigacións teñen amosado que os plans lectores melloran a comprensión e a fluidez lectora.

A escritura convértese nunha parte importante do PLEA.


Competencia lectora como facilitadora da aprendizaxe en todas as materias.

Os itinerarios lectores deben achegar diferentes tipos de textos, potenciando así a comprensión

Os itinerarios lectores deben ser tamén catalizadores da escrita

Os itinerarios lectores deben incluír obras de ficción e de non ficción

Que ten que ter unha mestra/mestre para facer un bo itinerario lector?



MEDIADORAS/MEDIADORES

Suxeitos que poñen en xogo a súa **propia experiencia en canto lectoras e lectores** e que amosan unha **actitude de dispoñibilidade e hospitalidade**. (...) Suxeitos que **integran saberes e habilidades de diferentes dimensións**: educación, bibliotecas, traballo social, artes, comunicación virtual e audiovisual.

(Munita, 2021, p. 81)

É necesario un itinerario lector en Educación Infantil?

En principio, diría que non, mais vendo os resultados dos estudos...

Posibilidade dun itinerario máis flexible, un tanto máis libre, pero tamén máis "intenso"

Necesidade de acceder aos contos populares, tamén de maneira oral

- Aínda que se manexen edicións actualizadas dos clásicos, faise preciso que as nenas e nenos teñan acceso á palabra escoitada

Necesidade de coñecer xéneros literarios diversos: poesía e non ficción tamén en EI

- As bases da competencia literaria aséntanse nesta etapa

Necesidade de coñecer autoras e autores clásicos de álbum ilustrado


- Sendak, Lionni, Ungerer, Browne, Carle...

Necesidade de acceder a diferentes formatos

- Importancia dos formatos manipulativos


Unha posible proposta trimestral para El...

CONTOS
MARABILLOSOS
DA TRADICIÓN
ORAL



Que botades en falta?

Nunca hai itinerarios perfectos...



mais si hai itinerarios coidados...

Un posible modelo de itinerario para o 2º ciclo de EI

Contos maravillosos contados oralmente ou en edicións actuais (combinar)	Poesía oral ou álbum lírico	Álbums de autoría "clásica"	Libro de non ficción adaptado á etapa	Obras con elementos manipulativos (pop up, lapelas, libro acordeón, etc.) ou álbum sen palabras
IMPORTANCIA DA ORALIDADE COMO RECURSO BÁSICO DE EI				

Intentade agora vós facer un itinerario lector para o segundo ciclo de El...

Podedes emprgar obras que coñecedes, que busquedes na rede ou as que están na aula

Unha proposta de itinerario lector para Primaria segundo as necesidades curriculares


Esixencias curriculares en 1º e 2º EP

En canto á lectura



- Textos literarios sinxelos e contos tradicionais
- Poemas sinxelos

En canto á escritura

- Creación de contos breves
- Banda deseñada



1º



2º

Unha proposta de itinerario lector para Primaria segundo as necesidades curriculares

Esixencias curriculares en 3º e 4º EP

En canto á lectura


Comprensión, memorización e recitado de poemas

-Lectura expresiva e dramatización de fragmentos

En canto á escritura



-Creación de contos breves
-Banda deseñada

-Narración
-Descrición
-Diálogo
-Escrita de textos de intención literaria



3º


Unha proposta para 4º



Unha proposta de itinerario lector para EP-5º e 6º

En canto á lectura	En canto á escritura
<p>Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos</p> <p>Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo a forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.</p> <p>Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento</p>	<p>-Narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación Creación de textos literarios de maneira libre e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados - Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas,)</p> <p>-Coherencia, cohexión e adecuación- Cancións e teatro, valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.</p>

Unha posible proposta para 5º e 6º





Tentade mellorar agora vós o itinerario lector de EP...

Como o fariades?

Como se podería mellorar o itinerario?

En 1º e 2º

- Acompañando as lecturas silenciosas coas lecturas en asemblea a través de álbum

En 3º e 4º

- Para rapazas e rapaces con problemas de atención, poderíase introducir álbum sen palabras acorde á idade

En xeral...

- Os recursos literarios multimodais (álbum e banda deseñada) debesen estar máis presentes


Un posible modelo de itinerario para EP

1	Narrativa breve (conto)	Poesía (preferiblemente en formato álbum)	Libro de non ficción-recomendable relación coa contorna	-Suxerir álbums que poidan acompañar nos diferentes cursos. -Importancia do álbum sen palabras
2	Narrativa breve (procurarase ampliar a extensión)	Banda deseñada	Libro de non ficción-recomendable biografía breve	-Incorporar o álbum dramático axeitado a esta idade
3	Narrativa (recomendable comezar a introducir autoras e obras referenciais na LIX)	Poesía (coa tentativa de que poidan, autonomamente, ler algún poema)	Libro de non ficción-recomendable que comecen a aparecer diferentes tipoloxías textuais	-Banda deseñada como recurso multimodal ao par do álbum
4	Narrativa (recomendable autora clásica da tradición universal)	Literatura dramática	Libro de non ficción-recomendable que teña diferentes tipoloxías textuais ao de 3º	-Incorporar algún recurso propio da tradición ora. Por exemplo, cantigas populares ou contos de trad. oral

Un posible modelo de itinerario para EP

5º	Narrativa. Suxírese obra recoñecida da LIX galega	Poesía	Libro de non ficción- que conteña textos expositivos e poida xerar debate en diferentes ámbitos.	Álbum que supoña xa un compromiso interpretativo
6º	Narrativa breve (contos ou lendas) sería especialmente adecuada. Poderíase tamén introducir unha obra clásica da LIX universal.	Literatura dramática	Libro de non ficción- que poida dar pé a textos argumentativos. Relación coa historia recente	-Banda deseñada como recurso multimodal.

Criterios cos que se elaborou o itinerario



Realizade agora vós unha proposta de itinerario lector para EP...


Podedes usar os libros que hai na aula e a rede para seleccionar recursos.

E tras pensar o voso itinerario, reflexionade, en que aspectos se podería mellorar?

A lectura no currículo de ESO

- Presentada, en xeral, como ferramenta transversal a todas as materias
- Vencellada, especificamente, á competencia en comunicación lingüística
- **Peso moi desigual nunhas e noutras materias**
- Dificultades para combinar as lecturas necesarias das materias de contido lingüístico con lecturas propias de todas as materias.

Dificultades para a elaboración do itinerario en secundaria



Tres niveis de implicación coa lectura no currículo

Materias de contido lingüístico ou vencelladas a el

- Lingua e literatura galega
- Lingua e literatura castelá
- Latín
- Cultura clásica
- Inglés
- Francés
- Portugués
- Outras linguas estranxeiras

Vencelladas directamente coa competencia lingüística
Necesidade do traballo integrado de linguas

Materias cuxo currículo insiste en traballar transversalmente a lectura

- Matemáticas
- Física e Química
- Educación Plástica, Visual e Audiovisual
- Filosofía
- Bioloxía
- Economía
- Ética

O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento

Materias sen mención á lectura no seu currículo

- Música
- Educación Física
- Expresión Artística

Proposta de itinerario lector para secundaria

Lecturas marcadas nas materias de contido lingüístico-literario

- Habitualmente 3 (unha por trimestre) en cada unha das linguas ambientais
- No caso das linguas estranxeiras e do latín, as lecturas adoitan ser fragmentarias

Lecturas marcadas noutras materias

- A proposta é que, nas materias en que se alude á lectura curricularmente, o profesorado introduza na programación acompañamento de certas lecturas (poden ser fragmentos, capítulos, poemas determinados)
- Sería bo que se fixese nun mínimo de dúas materias por curso de contido non lingüístico-literario e que estas variasen por curso académico.

Exemplo de itinerario "libre" para ESO

Curso académico	Materias do ámbito lingüístico	Materias de ámbito non lingüístico
1º	Lecturas de lingua e lingua+ linguas estranxeiras	-Traballo coa lectura en Matemáticas, Bioloxía e Historia
2º	Lecturas de lingua e lingua + linguas estranxeiras	-Traballo coa lectura en Tecnoloxía, VALores Cívicos e Éticos e Historia
3º	Lecturas de lingua e lingua + linguas estranxeiras	-Traballo coa lectura en Matemáticas, Física e Química e Bioloxía
4º	Lecturas de lingua e lingua + linguas estranxeiras (Latín, de ser o caso)	-Traballo coa lectura en Matemáticas+Historia + diferentes optativas (dependendo de opcións, por ex. Filosofía ou Cultura Científica)



O profesorado especialista de linguas elixe cales son as lecturas por trimestre

O profesorado especialista introduce na programación o acompañamento de textos literarios ou non nalgúns temas

CONVENIENCIA DE GRUPO DE TRABALLO SOBRE LECTURAS "RECOMENDADAS" POLOS DIFERENTES ÁMBITOS

Vantaxes e inconvenientes do "itinerario en secundaria"

Vantaxes

- Supón unha aposta non só polo lector/a literario, senón polo lector curioso ou polo ler para aprender.
- Elimina as dificultades derivadas da optatividade das materias e das linguas ás que van asociadas.

Inconvenientes

- Aposta máis pola lectura de fragmentos, capítulos, extractos que pola lectura de obras enteiras.
- O profesorado ten que comprometerse a acompañar esas obras/fragmentos na aula
- Supón un coñecemento dos textos literarios e non literarios moi amplo para fixar as lecturas.

Algunhas cousas máis ou menos claras

- "Hace tiempo que busco una forma de analizar o planear la formación de lectores sin negar su **naturaleza dinámica y compleja**. Hasta donde comprende, esto implica, más que una abigarrada construcción teórica, alejarnos de la engañosa y reconfortante estabilidad de las palabras y los conceptos para **aprender a pensar nuestro campo procesualmente**. Es, sin duda, una empresa teórica de gran dificultad, pero no carece de implicaciones prácticas. Sospecho que **solo así podremos comprender, de una forma clara, los retos y dilemas** a los que nos enfrentamos en ese terreno confuso que llamamos hoy la "formación de lectores", en el que proliferan los supuestos, las buenas intenciones, las declaraciones pomposas e irrefutables, los propósitos redentores y la insatisfacción crónica. No los análisis esclarecedores, las investigaciones rigurosas ni las acciones efectivas"-



Conclusións

- Non hai un itinerario lector "válido" para cada centro de Secundaria.
- O profesorado das linguas (especialmente das ambientais) ten, por obriga curricular, que incluír a competencia literaria nas súas materias, o que, tal e como está a normativa, supón a posibilidade de escoller as súas lecturas autonomamente.
- A optatividade e a ligazón a unha lingua determinada nas materias dificulta o establecemento dun itinerario modelo.
- A implantación dos itinerarios en Secundaria require dunha detección de necesidades lectoras, escritoras, do diálogo entre o equipo de biblioteca e o equipo de docentes especialistas por curso.

Referencias bibliográficas

Cerrillo Torremocha, P. (2013). Canon literario, canon escolar y canon oculto. *Quaderns de filologia. Estudis literaris*, 18, 17-31.

Martos García, A. E. (2025). Los itinerarios de lectura y las constelaciones literarias como artefactos didácticos. *Tejuelo*, 41, 171-198.

Martos Núñez, E. (2013). Itinerarios y prácticas de lectura. En E. Martos Núñez y M. Campos Fernández-Fígares (coords.). *Diccionario de nuevas formas de lectura y escritura* (pp. 346-349). RIUL/Santillana.

Munita, F. (2021). *Yo, mediador(a). Mediación y formación de lectores*. Octaedro

Núñez, M^a. P., y Santamarina, M.(2022). Canon de lecturas, prácticas de educación literaria y valores de la ciudadanía europea.Tavira. *Revista Electrónica de Formación de Profesorado en Comunicación Lingüística y Literaria*, (27),1-10. <https://doi.org/10.25267/Tavira.2022.i27.1102>

Sánchez-García, R. y Aparicio-Durán, P. (2025). La escritura borrada de las mujeres. Itinerarios lectores inclusivos y (re)construcción del canon poético. *Tejuelo*, 41, 43-60.